

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 03.05.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de maio de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións no de lei

- 1.1 31827 (10/PNC-002587)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o impulso e a solicitude formal pola Consellería do Mar da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a autorización do proxecto de reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018
- 1.2 46595 (10/PNC-003745)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación co proxecto de dragaxe da ría do Burgo, na provincia da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019
- 1.3 46668 (10/PNC-003752)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a realización por parte do Goberno galego das actuacións precisas para garantir a operatividade da base de salvamento marítimo da Costa da Morte cos medios humanos e aéreos necesarios as vinte e catro horas do día os trescentos sesenta e cinco días do ano
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 437, do 27.02.2019
- 1.4 47198 (10/PNC-003808)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co depósito de bolsas de plástico e desperdicios descuberto no porto de Malpica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019
- 1.5 47823 (10/PNC-003869)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a execución polo Goberno galego, antes do remate do actual

período de sesións, das actuacións comprometidas para o mantemento da dársena do porto de Camariñas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019

1.6

48678 (10/PNC-003931)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da reconsideración dos coeficientes redutores da idade de xubilación para o colectivo de mulleres redeiras, así como as actuacións que se deben levar a cabo en relación coas condicións laborais, salariais, de protección da saúde e de representación que padecen

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Flora María Miranda Pena

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións no de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 31827(10/PNC-002587)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o impulso e a solicitude formal pola Consellería do Mar da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a autorización do proxecto de reapertura da mina de cobre nos concellos de Touro e do Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael, S.L.

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:01
Nº Rexistro: 31827
Data envío: 04/06/2018 11:01:53.744

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á petición á Consellaría do Mar de que solicite a avocación no Consello da Xunta da decisión da autorización do proxecto mineiro nos concellos de Touro e o Pino.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L., a intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes que ocuparán unha extensión de 698 Ha, e a súa ubicación en plena conca do río Ulla, ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo da ría pode ocasionar esta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector productivo, tanto marisqueiro como mexiloeiro e da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:01
Nº Rexistro: 31827

Data envío: 04/06/2018 11:01:53.744

un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.

Tendo en conta o importante impacto que tería a eventual instalación dunha megamina de explotación de cobre no concello de Touro nunha zona comprendida na cunca hidrográfica do río Ulla, polo risco de que materiais pesados e tóxicos se verqueran ás augas de dito río e os seus afluentes e dese xeito a contaminación atinxise a ría de Arousa provocando graves perdas ao sector pesqueiro e marisqueiro, concorren circunstancias de índole económica e social relevantes que xustifican que dita decisión sexa adoptada polo máximo órgano colexiado da Xunta, e non simplemente a través dos órganos sectoriais directamente implicados, avaliando todos os efectos directos e indirectos que a actividade mineira puidera ocasionar. Para iso, a consellaría de pesca ha de tomar a iniciativa e promover a avocación da competencia para decidir no seo do Consello da Xunta finalmente sobre a autorización da mina de Touro, en aras tanto da necesaria coordinación do Goberno galego como de garantir a presenza de todos os órganos e departamentos da administración galega que exercen competencias en actividades que puideran ser afectadas polos efectos de dita explotación mineira.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Consellaría de Pesca a impulsar e solicitar formalmente a competencia do Consello da Xunta de Galiza para o coñecemento e decisión sobre a autorización da apertura do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L Touro, de forma que todas as consellarías que exercen competencias en áreas e actividades que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:01
Nº Rexistro: 31827
Data envío: 04/06/2018 11:01:53.744

puideran verse afectadas participen directamente da deliberación e decisión final e se avalíen adecuadamente todos os intereses, circunstancias e riscos dos distintos sectores potencialmente afectados como é o caso da ría de Arousa.”

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 10:48:58

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 10:49:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 10:49:05



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:01
Nº Rexistro: 31827

Data envío: 04/06/2018 11:01:53.744

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 10:49:06

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 10:49:08

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 10:49:10

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 46595(10/PNC-003745)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación co proxecto de dragaxe da ría do Burgo, na provincia da Coruña

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 18:14:33
Nº Rexistro: 46595
Data envío: 20/02/2019 18:14:33.839



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araújo e Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.ª**

Exposición de motivos

A ría do Burgo, que atravesa os concellos da Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros, constitúe un dos espazos naturais máis importantes das Mariñas. É relevante tanto para o propio ecosistema como para a economía da comarca.

Non obstante, fai tempo que a ría sofre unha crecente degradación a consecuencia dos vertidos incontrolados, tanto industriais como urbanos, que se produciron durante décadas. As actuacións dos gobernos locais e da Xunta lograron deter os vertidos, pero as súas consecuencias aínda se deixan sentir.

Fai máis dun ano, o 27 de setembro de 2017, publicouse no BOE a Declaración de Impacto Ambiental do dragado da ría do Burgo, favorable á realización das obras. A día de hoxe, non se produciu ningún avance na limpeza do estuario. Nin sequera se fixo público o proxecto definitivo, polo que se descoñece incluso cando se executarán as actuacións concretas.

Mentres tanto, a ría continúa sufrindo os efectos prexudiciais da contaminación. Como parte do estudo ambiental do seu proxecto de ampliación da ponte da ría da Pasaxe, o Ministerio de Fomento elaborou un informe recentemente sobre a calidade das augas da zona do Burgo. A súa conclusión foi que os valores de





oxíxeno disolto na auga “son extremadamente baixos, o que da unha idea do grado de contaminación das augas”. O nivel baixo de oxíxeno “indica contaminación con materia orgánica, septicización, mala calidade da auga e incapacidade para manter determinadas formas de vida”.

Así as cousas, cómpre exixir, novamente, que o Goberno central adopte tódalas medidas posibles que permitan a inmediata recuperación e rexeneración da ría do Burgo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Esixir e colaborar co Goberno do Estado para que entre ambas administracións:
 - Doten de orzamento suficiente ao proxecto de dragado da ría.
 - Poñan datas ás actuacións precisas para o dragado.
 - Compensen aos mariscadores e mariscadoras polas perdas económicas que sexan consecuencia das substancias contaminantes mobilizadas polo dragado. As compensacións deben manterse mentres non se garantan as condicións óptimas para a práctica do marisqueo.
 - Elaboren un plan de vixilancia que controle de maneira exhaustiva, periódica e transparente:
 - A calidade das augas de baño.
 - A estanqueidade dos recintos de confinamento dos lodos sitos en Culleredo e Oleiros.





GRUPO PARLAMENTAR

en marea

- A evolución das poboación de flora e fauna asentadas na ría e na súa contorna próxima.
- Creen un corredor ecolóxico entre o encoro de Cecebre e o mar, afondando nas medidas de conservación que establece a Reserva da Biosfera.
- Ordenen os diferentes usos da ría, co obxecto de lograr un uso sostible da mesma, así como o mantemento das funcións ecolóxicas, económicas e sociais do espazo.
- Valoren declarar a ría do Burgo espazo protexido de acordo coas previsións da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e da biodiversidade.
- Desenvolvan accións concretas destinadas ao aproveitamento e fomento das poboacións de aves da ría.
- Convertan a Aula de Natureza situada no xardín botánico de Culleredo nun centro de interpretación da zona húmida.
- Constitúan, previa á licitación do proxecto, unha comisión de seguimento na que estean representadas as entidades implicadas no proxecto (o Ministerio de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia, as entidades presentes na Mesa da Ría..).

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019.


Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Flora María Miranda Pena

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira



CSX: VIBR020atL6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2019 18:14:33
Nº Rexistro: 46595
Data envío: 20/02/2019 18:14:33.839



Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/02/2019 18:11:07

Flora María Miranda Pena na data 20/02/2019 18:11:17

Marcos Cal Ogando na data 20/02/2019 18:11:24

Luis Villares Naveira na data 20/02/2019 18:11:32

CSX_VillaresNaveira
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 46668(10/PNC-003752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización por parte do Goberno galego das actuacións precisas para garantir a operatividade da base de salvamento marítimo da Costa da Morte cos medios humanos e aéreos necesarios as vinte e catro horas do día os trescentos sesenta e cinco días do ano

Publicación da iniciativa, 437, 27.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Rexistro: 46668
Data envío: 21/02/2019 18:00:32.795

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa ao naufraxio do cerqueiro “Sin querer 2” e as medidas a tomar polo Goberno galego para garantir a seguridade nas costas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 19 de decembro o barco cerqueiro “Sin Querer 2” con base en Portonovo, pertencente á armadora Vixa de Meaño naufragou a 4.5 millas do Cabo Fisterra.

Este tráxico accidente saldouse co triste balance de tres mariñeiros mortos e un a día de hoxe aínda desaparecido, todos do concello de Cambados, sendo rescatados con vida os outros seis mariñeiros que formaban a tripulación do barco.

Este novo drama pon en evidencia o desprotexidas que están as nosas costas, a falta de medios, e o dilatado dos tempos de resposta dos servizos de salvamento. O risco que supón que uns 40.000 buques pasan a apenas uns quilómetros das nosas costas, polo chamado “corredor de Fisterra”, arredor do

CSX-LF76GSXYC3
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Registro: 46668
Data envío: 21/02/2019 18:00:32.795

80% con mercancías perigosas e que cada día centos de barcos saen a faenar e precisan protección.

No que vai do século XXI xa son máis de 100 barcos os que levan afundido nas costas galegas, os máis deles pesqueiros.

Neste contexto a base de salvamento marítimo de Rubio en Lires, Cee pechada desde hai catro anos, arredor de dous millóns de euros malgastados nun heliporto e nunha nave inoperativas e coas instalacións pechadas, ao que hai que sumar os trece millóns de euros da adquisicións dun helicóptero que agora ten a súa base en Santiago a 70 quilómetros da costa, todo un despropósito.

Ao igual que o material para a loita contra a contaminación estea nunha nave en Fene e non na Costa da morte.

Haberá que agardar as conclusións das distintas investigacións postas en marcha, tanto polo Xulgado nº 2 de Instrución de Corcubión como pola Comisión de Investigacións de Accidentes Marítimos, mais hai cuestións relevantes que deben ter resposta por parte do Goberno galego, que teñen a ver co dispositivo de emerxencias e rescate. A seguridade das xentes do mar debe ser unha prioridade para o Goberno galego, non poden xogarse a vida continuamente cando saen ao mar.

CSX: FZ7GCSXYc3
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Rexistro: 46668
Data envío: 21/02/2019 18:00:32.795

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar de inmediato todas as accións precisas para que na Costa da Morte estea operativa a base de salvamento marítimo, con medios aéreos e humanos que actúen durante as 24 horas do día os 365 días do ano.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSX: F7ZCSXYc3
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2019 18:00:32
Nº Registro: 46668
Data envío: 21/02/2019 18:00:32.795

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2019 18:00:06

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2019 18:00:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/02/2019 18:00:12

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2019 18:00:13

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2019 18:00:14

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2019 18:00:16

CSX: FZ7GCSXYc3
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 47198(10/PNC-003808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co depósito de bolsas de plástico e desperdicios descuberto no porto de Malpica

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:01:00
Nº Rexistro: 47198
Data envío: 04/03/2019 13:01:00.516

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Nos últimos días, as mareas vivas sacaron á luz un depósito de bolsas de plástico e desperdicios no porto de Malpica. As causas poden ser varias, entre elas están a mala xestión de residuos ou a necesidade de actuacións máis frecuentes por parte de Portos de Galicia.

No Porto de Malpica, foi o propio Goberno municipal o que levou a cabo a limpeza da dársena, aínda que se trata dunha competencia propia do ente dependente da Consellería do Mar.

O certo é que esta situación non é única, a limpeza dos portos ten consecuencias directas non só no mar senón tamén nas praias ás que chegan residuos propios dos labores do mar, como cordas, aparellos... residuos que poñen en risco a seguridade nas augas interiores e tamén a fauna mariña.

A finais do ano pasado Portos de Galicia facía públicas as súas actuacións de limpeza dos portos galegos, que dada a situación real na que se atopan, resultan totalmente insuficientes.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que:

- 1º) Leve a cabo unha campaña informativa sobre as consecuencias da mala xestión dos residuos, tanto na fauna mariña como para a seguridade das embarcacións en augas interiores.
- 2) Realice labores de limpeza nas dársenas portuarias durante este ano 2019 e seguintes.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: p1k9E10U53
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/03/2019 13:01:00
Nº Registro: 47198
Data envío: 04/03/2019 13:01:00.516

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/03/2019 12:51:50

Patricia Otero Rodríguez na data 04/03/2019 12:52:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/03/2019 12:52:16

CSM: 4145F048S
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 47823(10/PNC-003869)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a execución polo Goberno galego, antes do remate do actual período de sesións, das actuacións comprometidas para o mantemento da dársena do porto de Camariñas

Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A dársena de Camariñas require de actuacións de mantemento, xa que o seu estado está a provocar danos na seguridade das persoas. Nunha reunión mantida entre Portos de Galicia e o Concello acordouse que o Concello repararía a pasarela de madeira pola que acceden os vehículos, e Portos, pola súa banda, encargaríase dos paneis laterais de cristal.

A día de hoxe o Concello xa levou a cabo os traballos acordados, pero por parte do ente portuario non se ten realizado ningún traballo.

Isto resulta bastante indignante porque para realizar calquera tipo de actividade no espazo portuario é preciso cumprir todos os requisitos exixidos polo ente, incluído o pago das taxas, como debe ser; non obstante, cando se trata de levar a cabo actuacións conxuntas de mantemento e reparacións, a realidade amosa outra situación distinta, porque nalgúns casos prodúcense atrasos na execución dos compromisos adquiridos e noutros nin sequera se executan, tendo que ser os propios concellos os que acaben asumindo todas as actuacións a pesares de contar con menos medios, agás aqueles nos que no goberna o PP, como indican os datos dispoñibles.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo, antes de que remate este período de sesións, as actuacións comprometidas no seu día, para o mantemento da dársena do Porto de Camariñas.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 15/03/2019 10:57:44

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2019 11:04:47
Nº Registro: 47823
Data envío: 15/03/2019 11:04:47.046

Patricia Otero Rodríguez na data 15/03/2019 10:57:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/03/2019 10:58:18

CSV de verificación
https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 03.05.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 48678(10/PNC-003931)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da reconsideración dos coeficientes redutores da idade de xubiliación para o colectivo de mulleres redeiras, así como as actuacións que se deben levar a cabo en relación coas condicións laborais, salariais, de protección da saúde e de representación que padecen

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 8.ª**, sobre as condicións laborais, enfermidades profesionais e coeficientes redutores nas redeiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado novembro celebrouse en Santiago de Compostela a I Conferencia Internacional de Mulleres da Pesca. Nela aprobouse unha declaración a favor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mundo do mar. A finalidade desta declaración era promover a mellora das condicións laborais, económicas e sociais das mulleres do sector.

O 84% das persoas que se dedican a traballar coas redes no sector do mar galego son mulleres. Só en Galicia máis de 700 mulleres realizan esta función. As condicións laborais e salariais tamén amosan unha clara fenda de xénero que prexudica as mulleres do mar. Son evidentes as limitacións que cuestionan o seu desenvolvemento en condicións laborais dignas e igualitarias: o infrarrecoñecemento das súas enfermidades profesionais, a ausencia de recoñecemento de coeficientes redutores, os salarios por debaixo do mínimo interprofesional que impiden o desenvolvemento dunha vida autónoma, a ausencia de control de prezos mínimos nin de economía submerxida e a baixa visibilidade e representatividade nos lugares de decisión (entre eles, as confrarías). En non poucas ocasións estas condicións inducen ás redeiras a complementar a súa actividade con outros traballos remunerados. É o paradigma de desigualdade de xénero no que respecta á interpretación deste traballo como “complemento” da economía doméstica.





As desigualdades nas condicións de traballo tamén implican desigualdades na exposición a riscos laborais. E son moi relevantes os asociados ás posturas forzadas, ás cargas, aos movementos repetitivos, ao frío, á humidade. Se aspiramos a unha consideración laboral xusta e igualitaria debemos conseguir o recoñecemento das enfermidades profesionais das mulleres do mar e os seus coeficientes redutores. (Mentres un traballador dun bacaladeiro ten un coeficiente reductor dun 0,40 as redeiras non teñen ningún). A autoorganización das mulleres do mar conseguiu melloras, pero neste caso resultan insuficientes. É necesario avanzar na **profesionalización** das mulleres no mundo do mar.

É vital o empoderamento das mulleres do mar, porque neste sector tamén hai que romper teitos de cristal. É preciso tamén fomentar o seu liderado e defender os seus dereitos: en primeiro lugar pola súa propia dignidade, e logo porque lle aportan valor engadido á pesca. Debemos recoñecer colectivamente a súa función nun ámbito relevante do noso sector primario.

Neste contexto, as Federacións de Redeiras, alentadas por diversos estamentos e por informes da Comisión do Pesca, do ISSGA e da Comisión Europea solicitaron (realizando un ímprobo esforzo económico na contratación de asesoramento legal) que se lles aplicasen coeficientes redutores.

O pasado 22 de marzo emitíuse un ditame por parte da Dirección General de la Seguridad Social desestimando o procedemento para o recoñecemento de tales coeficientes ás redeiras. A argumentación vai na liña de “negar os indicios de elevados incrementos nas taxas de mortalidade e morbilidade debido á realización do citado traballo”.

O colectivo de redeiras cuestiona o descoñecemento absoluto por parte da DGSS da dureza da profesión, así como das condicións laborais asociadas, sendo o





único subsector da pesca ao que aínda non se lle recoñeceron os coeficientes reductores, o que constitúe unha desigualdade de xénero con respecto a outros traballadores que desenvolven tarefas similares que si teñen recoñecida a diminución na idade de xubilación.

O Instituto galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) realizou un estudo epidemiolóxico sobre o estado de saúde de 112 redeiras galegas. Neste informe podemos ler, entre outras moitas cousas, o seguinte:

A xornada laboral é de oito horas,..., se ben normalmente teñen que traballar ata a completa reparación das redes para que o barco poda saír a faenar e evitar a perda de ingresos dos pescadores.

Un 87% das redeiras manipulan cargas, o 65% require desprazamento e un 74% indica que o peso dos elementos mobilizados supera os 15 Qg.

O 68% das redeiras refire patoloxías atribuíbles á súa actividade pero soamente 52 estiveron de baixa por ese motivo (o 46% da mostra) e en ningún caso se comunicou dano profesional, o que supón un descoñecemento das patoloxías profesionais desta actividade e os seus riscos.

As redeiras están expostos a múltiples riscos para a súa seguridade e saúde laboral, coa consecuente aparición de enfermidades profesionais ou danos á súa saúde, en concreto, dores asociados co mantemento de posturas forzadas, o desempeño de movementos repetitivos e o manexo de cargas.

O potencial dano á súa saúde ten a súa orixe na carga física asociada ao traballo: son os chamados riscos de orixe ergonómica. Do mesmo xeito, non debemos esquecer as repercusións que o traballo duro durante tantos anos de actividade pode xerar no sistema locomotor, que se manifestará tras deixar a profesión, con perda de mobilidade e agravamento da deterioración física.





Entre os cadros, as lesións profesionais máis comúns son as chamadas enfermidades músculo-esqueléticas (MSD), orixinadas como consecuencia da carga física asociada ao traballo.

Outros riscos laborais son os relacionados con axentes físicos derivados de condicións adversas de traballo, como humidade, exposición ao sol ou temperaturas extremas. A maior parte do TME de orixe laboral preséntanse ao longo do tempo e son provocados polas condicións nas que realiza o traballo. Tamén poden ser o resultado de accidentes, caídas, torceduras, etc. Estes problemas de saúde van desde o malestar ou a dor, ata os síntomas clínicos que poden ser a causa dalgún tipo de discapacidade.

En Galicia, onde hai un maior número de mulleres, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, relativa ao traballo das mulleres en igualdade, refírese directamente a este traballo desde unha perspectiva de xénero. Trátase dunha actividade de traballo feminizada na que se detecta un alto grao de irregularidade ou intrusividade, realizado sen recoñecemento profesional, unha situación que debe tratarse e, no seu caso, promoverase nos termos previstos nos apartados 1 e 2 do artigo 36 e da disposición adicional sétima da citada lei.

Hai unha ausencia de vixilancia e control de saúde en relación cos riscos laborais ao ser un grupo de traballadoras por conta propia afiliadas ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social (REM). As estatísticas de enfermidades profesionais non reflicten datos reais dos danos derivados das condicións nas que se desenvolve a actividade e en suma, restrinxe o coñecemento real das patoloxías ou accidentes que se poden xerar no traballo.

Entre as patoloxías asociadas a riscos laborais nesta actividade destacan: As lesións por tendóns por fatiga e inflamación das vañas do tendón, tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas, osteoartrite das





articulacións do ombreiro e enfermidades reumáticas, danos nos nervios derivados da presión: síndrome do túnel do carpo, etc.

Estas enfermidades están incluídas no grupo 2 en relación con enfermidades profesionais causadas por axentes físicos do grupo 2D, 2F e 2G, do Real decreto 1.299 / 2006, que aproba o cadro de enfermidades profesionais o sistema de seguridade social. Non obstante, os datos numéricos non se reflicten nas estatísticas porque non se comunican como son, enfermidades profesionais, senón que son tratadas como enfermidades comúns sen conexión co traballo.

Estes factores, xunto con outros, como a presión do tempo na entrega de mercadorías, as longas horas de traballo e as condicións de traballo sempre óptimas (frío e calor extremos, humidade, correntes de aire, etc.) poden aumentar risco de padecer MSD, especificamente STC, tendinitis do ombreiro, síndrome subacromial, tendinite De Quervain, epi-condilite, epitrocleeite, síndrome de tensión cervical, omalgia, cervicalgias, dorsalgias, lumbago, coxalxia, etc.

A diferenza doutros sectores de actividade en aqueles que o risco laboral vén en gran parte debido á ferramenta utilizada na arte da pesca, neste caso será a propia arte que determinará un maior grao de risco pola técnica de execución.

En base a todas estas consideracións, ao factor de desigualdade de xénero, ao evidente grao de infrarrecoñecemento das condicións laborais e das patoloxías profesionais asociadas e á situación de precariedade e fenda salarial das mulleres redeiras, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para a reconsideración dos coeficientes redutores neste colectivo profesional. Así





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/04/2019 12:42:43
Nº Registro: 48678
Data envío: 04/04/2019 12:42:43.800



mesmo ínstase ás administracións competentes a traballar polo coñecemento, mellora e regulación das condicións laborais, salariais, de protección da saúde e de representación dos colectivos de mulleres redeiras, empregando o enfoque de xénero.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 04/04/2019 12:38:26

Paula Quinteiro Araújo na data 04/04/2019 12:38:34

Luis Villares Naveira na data 04/04/2019 12:38:41



CSX4REXISTROXZYZEUSXGA

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>